

## "A sentenza absolutoria non supón, en absoluto, que se fixese xustiza" [Entrevista]

---

MIGUEL PARDO :: 05/01/2021

Falamos con Joám Peres, un dos procesados e portavoz dos encausados.[Gal/ Cast]

A Audiencia Nacional **absolveu a pasada semana** as doce persoas integrantes de Causa Galiza e Ceivarque foran acusadas de enaltecemento do terrorismo e **para quen a Fiscalía solicitaba condenas de entre 4 e 12 anos de cárcere** (sumando en total máis dun cento de anos de condena). **A sentenza tamén rexeita a disolución de Causa Galiza e Ceivar como pedira o Ministerio Público, polo que quedan tamén sen efecto todas as medidas cautelares impostas contra ambas organizacións.** A formación política Causa Galiza mesmo chegara a ser **ilegalizada en abril do ano 2016**, unha decisión que foi **anulada oito meses despois**. Falamos con Joám Peres, un dos procesados e portavoz dos encausados.

### Como se sente tras a absolución?

Para nós no persoal é unha certa liberación porque había para todos condenas de prisión e posibilidade de que dúas organizacións --unha política e outra antirrepresiva-- fosen ilegalizadas, co precedente xurídico que iso crearía á hora de reorganizar ambas liñas de actuación. Tamén había un paquete de medidas económicas e laborais que implicaban que mesmo algunhas persoas perdésemos o noso traballo na Administración Pública.

"Sentimos alivio no persoal e satisfacción no político; a forma na que remata o proceso evidencia a montaxe política"

### Senten alivio?

Hai alivio no persoal e satisfacción no político porque, aínda que a Audiencia Nacional a nós non nos dá nin nos quita razóns, a forma na que remata o proceso evidencia que en 2015, os mandos do Ministerio do Interior que actualmente están imputados na operación Kitchen e Arsenio Fernández de Mesa, que era director xeral da Garda Civil, organizaron unha montaxe política para, no contexto do tema catalán e do conflito vasco, dar unha especie de lección ao independentismo. Crearon un brazo político, a desarticulación dunha suposta organización terrorista... O delegado do Goberno, Santiago Villanueva, validou a tese absolutamente e a día de hoxe, nun réxime minimamente democrático, alguén tería que responder e cesar no seu cargo pero é evidente que aquí isto non sucede.

*Carteis da organización política Causa Galiza © Causa Galiza*

### Temían unha situación así?

Nós, como militantes independentistas, eramos conscientes absolutamente do que implica o

compromiso independentista neste país. Eramos coñecedores que este tipo de montaxes policiais e operacións políticas prodúcense e que podíamos ser albo dalgunha deste tipo. Aceptabamos que o compromiso militante supoñía un certo nivel de risco polas condicións que se dan no Estado español.

### **Teñen previsto algún recurso ou resposta tras estes cinco anos?**

Agora mesmo, a través das nosas defensas, estamos estudando a posibilidade de demandar a un conxunto de medios de comunicación, practicamente a totalidade dos que actúan en Galiza, pola participación no proceso de criminalización que se deu durante cinco anos. Por outra banda, veremos que liñas de actuación, a nivel penal, pode haber sobre as autoridades do Ministerio do Interior, a Delegación do Goberno e determinados cargos políticos, pero somos bastante escépticos sabendo como actúa o Estado español. Non cremos que dea ningún resultado práctico pero estámolo estudando e actuaremos na medida das posibilidades.

### **Sorprendeulles a contundencia da sentenza?**

Persoalmente, e creo que colectivamente, sorprendeunos porque estabamos convencidos de que, se ben era posible que o teito máximo das peticións da Fiscalía non se executasen na práctica, si que había unha posibilidade altísima de que varias persoas entrásemos en prisión e de que dúas organizacións fosen ilegalizadas. Iso facía parte dun horizonte realista á vista doutros procesos similares con outras organizacións políticas e xuvenís.

Sorprendeunos e entendemos que é froito dos equilibrios que pode haber dentro do poder xudicial e que se escapan ao noso coñecemento e á situación de crise do réxime. Igual que a vaga de detencións fixo parte dunha situación política, a sentenza absolutoria fai parte doutra distinta.

"Sorprendeunos a contundencia da sentenza, pero cremos que é froito dos equilibrios no poder xudicial e da situación de crise do réxime"

### **Que foi o peor destes cinco anos?**

O peor é a incerteza persoal sobre como pode derivar a vida particular de cada un de nós en cuestión de meses ou anos. Porque a Audiencia Nacional dilatou intencionadamente o proceso; pasaron anos durante os que na investigación non se moveu un papel e temos constancia pola nosa defensa. O propio tribunal favoreceu que un proceso que tiña unha resolución limitada no tempo se prolongase durante cinco anos ata chegar a un punto que houbo que celebrar un xuízo porque, senón, a causa tiña que archivar. Tivemos unha espada de Damocles de ingreso na cadea durante cinco anos.

*Cabeceira dunha manifestación celebrada en Compostela en solidariedade cos 12 militantes de Causa Galiza e Ceivar xulgados na Audiencia Nacional ©*

### **Foron demasiadas reviravoltas no proceso xudicial?**

Nalgún momento, Causa Galiza foi suspendida de actividades cautelarmente, acusada de brazo político dunha organización supostamente armada, logo devolveúselles o estatus legal; nós fomos imputados por pertenza a organización armada, logo quitóusenos esa imputación, en 2018 íamos ser xulgados por enaltecemento do terrorismo e todo volve dar unha volta en 2019 cando García Castellón se fai cargo da instrución e aparece unha banda criminosa da que nunca se falar nin nunca fora investigada e na que todos aparecemos imputados como pertencentes. Isto levaba a multiplicar todas as posibilidades penais.

## **E no político?**

A Garda Civil e a Audiencia Nacional, durante cinco anos, mantiveron unha organización e todo o corpo social do seu arredor na máis absoluta incerteza e indefensión. A posibilidade da ilegalización sentaría un precedente xurídico que implica medidas similares que se supoñen sucesoras das disoltas.

## **Senten que se fixo xustiza ou iso é imposible cando se tarda cinco anos en ter unha sentenza?**

Xustiza era evidente que non ía haber porque estabamos nun tribunal de excepción, un tribunal preconstitucional, sucesor do Tribunal de Orden Público do franquismo e que vén cumprir funcións similares. En ningún momento esperabamos nin demandabamos xustiza por parte da Audiencia Nacional e tampouco consideramos que a sentenza absolutoria faga xustiza. É máis froito dun cálculo político do Estado da que se nos escapan as razóns que dunha decisión ecuánime que críamos que non se ía producir nunca.

"Que haxa unha sentenza absolutoria para nós en absoluto supón que exista xustiza; foi máis froito dun cálculo político do Estado"

## **Daquela, non considera que se fixese xustiza?**

Non se pode falar de xustiza cando houbo asaltos armados a domicilios, fomos sacados da cama a punta de metralleta, conducidos a Madrid nunhas condicións pésimas, estivemos tres días secuestrados en calabozos infraalimentados e nunha tensión permanente; e durante cinco anos pasamos de ser terroristas a non selo... Foi unha montaña rusa durante anos que afectou tamén o contorno familiar, social e político. Que haxa unha sentenza absolutoria para nós en absoluto supón que exista xustiza. Simplemente se restituíu a posición na que estabamos hai cinco anos. Todo o que pasou a posteriori, a partir de 2015, foi represión política pura e dura. Unha montaxe política da Garda Civil e a demostración práctica, se alguén necesitaba dalgunha evidencia, de que neste Estado existe a persecución de movementos políticos. Non é un Estado de Dereito.

Fuente

Castellano:

## "La absolució n no significa, en absoluto, que se hizo justicia"

La Audiencia Nacional absolvió la semana pasada a los doce miembros de Causa Galiza y Ceivarque había sido acusado de exaltar el terrorismo y para quien la Fiscalía solicitó penas de entre 4 y 12 años de prisión (por un total de más de cien años de prisión). **La sentencia también rechaza la disolución de Causa Galiza y Ceivar como solicitó el Ministerio Público, por lo que también quedan sin efecto todas las medidas cautelares impuestas contra ambas organizaciones** . La propia formación política Causa Galiza se había convertido en ilegal en abril de 2016 , decisión que fue anulada ocho meses después . Hablamos con Joám Peres, uno de los imputados y portavoz de los imputados.

### ¿Cómo se siente después de la absolució n?

Para nosotros personalmente es una liberación segura porque hubo para todas las penas de prisión y la posibilidad de que dos organizaciones, una política y otra anti-represiva, fueran proscritas, con el precedente legal que esto crearía al reorganizar ambas líneas de acción. También hubo un paquete de medidas económicas y laborales que implicó incluso que algunas personas perdieran nuestros puestos de trabajo en la Administración Pública.

"Sentimos alivio en la plantilla y satisfacción en el político; la forma en que termina el proceso evidencia la asamblea política"

### ¿Siéntase aliviado?

Hay alivio en la plantilla y satisfacción en el político porque, aunque la Audiencia Nacional no nos da ni nos quita razones, la forma en que termina el proceso demuestra que en 2015, el Ministerio del Interior manda que actualmente están imputados en la operación Cocina. y Arsenio Fernández de Mesa, quien fuera director general de la Guardia Civil, organizaron una asamblea política para, en el contexto de la cuestión catalana y el conflicto vasco, dar una especie de lección de independencia. Crearon un brazo político, la desarticulación de una supuesta organización terrorista ... El Delegado del Gobierno, Santiago Villanueva, convalidó absolutamente la tesis y hoy, en un régimen mínimamente democrático, alguien tendría que contestar y cesar en el cargo pero está claro que aquí esto no sucede.

*Carteles de la organización política Causa Galiza © Causa Galiza*

### ¿Temían tal situación?

Nosotros, como activistas independentistas, éramos absolutamente conscientes de lo que implica el compromiso independentista en este país. Éramos conscientes de que se realizan este tipo de asambleas policiales y operativos políticos y que podríamos ser blanco de algunos de este tipo. Aceptamos que el compromiso militante suponía un cierto nivel de riesgo por las condiciones que existen en España.

### ¿Tienen planes de apelaciones o respuestas después de estos cinco años?

Ahora mismo, a través de nuestras defensas, estamos estudiando la posibilidad de demandar a un conjunto de medios, casi todos los que operan en Galicia, por participar en el proceso de criminalización que se ha desarrollado a lo largo de cinco años. Por otro lado, veremos qué líneas de actuación, a nivel penal, puede haber sobre las autoridades del Ministerio del Interior, la Delegación del Gobierno y determinados cargos políticos, pero somos bastante escépticos sabiendo cómo actúa el Estado español. No creemos que dé ningún resultado práctico pero lo estamos estudiando y actuaremos en la medida de lo posible.

### **¿Le sorprendió la contundencia de la frase?**

Personalmente, y creo que colectivamente, nos sorprendió porque estábamos convencidos de que si bien era posible que en la práctica no se cumpliera el tope máximo para las solicitudes de procesamiento, había una posibilidad muy alta de que varias personas fueran a la cárcel y que dos organizaciones fueran prohibidas. Eso formaba parte de un horizonte realista ante otros procesos similares con otras organizaciones políticas y juveniles. Nos sorprendió y entendemos que es el resultado de los equilibrios que pueden existir dentro del poder judicial y que escapan a nuestro conocimiento y la situación de crisis del régimen. Así como la ola de arrestos fue parte de una situación política, la absolución es parte de otra diferente.

"Nos sorprendió la contundencia de la sentencia, pero creemos que es el resultado de los equilibrios en el Poder Judicial y la situación de crisis del régimen".

### **¿Qué ha sido lo peor de estos cinco años?**

Lo peor es la incertidumbre personal sobre cómo puede derivarse la vida particular de cada uno de nosotros en cuestión de meses o años. Porque la Audiencia Nacional retrasó intencionalmente el proceso; Han pasado años en los que no se ha movido un papel en la investigación y tenemos pruebas para nuestra defensa. El propio tribunal favoreció que un proceso que tuviera una resolución por tiempo limitado se extendiera por cinco años hasta el punto en que se tuviera que celebrar un juicio porque de lo contrario el caso debía cerrarse. Tuvimos una espada de Damocles entrando en la cárcel durante cinco años.

*Titular de una manifestación realizada en Compostela en solidaridad con los 12 militantes de Causa Galiza y Ceivar juzgados en la Audiencia Nacional ©*

### **¿Hubo demasiados giros y vueltas en el proceso judicial?**

En algún momento, Causa Galiza fue suspendida de sus actividades como medida de precaución, acusada de ser un brazo político de una organización supuestamente armada, luego regresó a su estatus legal; Fuimos acusados de pertenencia a la organización armada, luego nos sacaron de ese cargo, en 2018 nos iban a juzgar por exaltación del terrorismo y todo da vueltas en 2019 cuando García Castellón se hace cargo de la investigación y aparece una banda criminal de la que nunca se habla nunca había sido investigado y en el

que todos figuramos imputados como pertenecientes. Esto llevó a multiplicar todas las posibilidades criminales.

### **¿Y en política?**

La Guardia Civil y la Audiencia Nacional, durante cinco años, mantuvieron una organización y todo el cuerpo social que los rodeaba en la más absoluta incertidumbre e impotencia. La posibilidad de proscribir sentaría un precedente legal que implicaría medidas similares que supuestamente suceden a las disueltas.

### **¿Sienten que se ha hecho justicia o eso es imposible cuando se necesitan cinco años para tener una sentencia?**

Era evidente que la Justicia no la habría porque estábamos en un juzgado de excepción, un juzgado preconstitucional, sucesor del Juzgado de Orden Público del franquismo y que viene a desempeñar funciones similares. En ningún momento esperamos ni exigimos justicia de la Audiencia Nacional, ni consideramos la absolución para hacer justicia. Es más el resultado de un cálculo político del Estado del que se nos escapan las razones que de una decisión ecuaníme que creíamos que nunca se produciría.

"Que haya una absolución para nosotros significa en absoluto que hay justicia; fue más el resultado de un cálculo político del Estado".

### **Entonces, ¿no considera que se hizo justicia?**

No se puede hablar de justicia cuando ha habido asaltos armados a domicilios, nos han sacado de la cama a punta de pistola, nos han llevado a Madrid en pésimas condiciones, nos han secuestrado durante tres días en mazmorras desnutridas y en permanente tensión; y durante cinco años pasamos de ser terroristas a no ser ... Fue una montaña rusa durante años que afectó también al entorno familiar, social y político. Que haya una absolución para nosotros significa que hay justicia. Simplemente restauró la posición en la que estábamos hace cinco años. Todo lo que pasó a posteriori, a partir de 2015, fue pura y simple represión política. Una asamblea política de la Guardia Civil y la demostración práctica, si alguien necesitaba alguna prueba, de que en este estado hay persecución de movimientos políticos. No es un estado de derecho.

---

<https://galiza.lahaine.org/a-sentenza-absolutoria-non-supon>